

■ I+C: A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Moderador: **Xosé López García**

Profesor da Universidade de Santiago de Compostela

Relatores:

Raúl Trejo Delarbre, Universidade Nacional Autónoma de México

Jordi Vilaseca i Requena, Universidade Oberta de Catalunya

Tapio Varis, Universidade de Tampere

■ I+C: LA SOCIEDAD DE LA INFORMACIÓN

Moderador: **Xosé López García**

Profesor de la Universidad de Santiago de Compostela

Ponentes:

Raúl Trejo Delarbre, Universidad Nacional Autónoma de México

Jordi Vilaseca i Requena, Universidad Oberta de Catalunya

Tapio Varis, Universidad de Tampere

No século XXI, hai unha nova forma de organización da sociedade e da economía, que convivimos en denominar 'sociedade da información'. Trátase dunha sociedade que aparece definida pola revolución tecnolóxica, a reorganización do sistema socioeconómico –mundialización/globalización- e a consolidación dun modelo organizativo en rede – fronte ás tradicionais organizacións xerárquicas verticais-. Nesta sociedade estase consolidando unha nova economía baseada no coñecemento. Na Sociedade da Información o acceso á información ten carácter xeral e ilimitado. Nesta sociedade, Internet converteuse no novo paradigma da comunicación total.

Agora, a industria da información é un sector central da comunicación e da economía. E neste novo escenario, a maioría das entidades e institucións téñense convertido dalgún xeito en "media" ao producir e difundir información en distintos produtos na Rede. A industria da información constitúe o sector nuclear desta nova economía.

Na presente mesa, analizáronse as características da nova forma de organización da sociedade e os desafíos que implican estes cambios para os cidadáns, para a

comunicación mediada tecnoloxicamente, para os medios de comunicación, para os profesionais da información.

Jordi Vilaseca i Requena analizou como no proceso de mundialización económica, os cambios da demanda e a masiva incorporación das tecnoloxías dixitais están construíndo unha nova economía baseada no coñecemento. O coñecemento é un dos principais recursos produtivos dos que dispoñen as empresas para desenvolver procesos de innovación co fin de maximizar a súa competitividade nun mercado global. Dende esta perspectiva, a industria da información é o sector nuclear desta nova economía na que son hexemónicas as estratexias competitivas de diferenciación de marca, de produto ou de tecnoloxía. A emerxencia desta nova industria da información como sector transversal que transforma o conxunto da economía, ten afectado radicalmente dende dúas perspectivas ao sector audiovisual. Por unha banda, as TIC transformaron a forma tradicional da súa actividade e, pola outra, este sector configurouse como unha actividade fundamental do núcleo da nova industria da información.

Jordi Vilaseca sostivo que cambiaron os patróns da demanda e do consumo e explicou os resultados das súas investigacións en Cataluña segundo os que a aplicación das TIC permiten resultados positivos en salarios (os traballadores cobran máis), en innovación (son máis innovadoras as empresas que aplican as TIC) e en produtividade (son máis produtivas). Isto é aplicable ao sector da comunicación.

O profesor Raúl Trejo analizou os enfoques que idealizan e aqueles que critican a Sociedade da Información. Reflexionou sobre os problemas na investigación da Sociedade da Información, especialmente pola rapidez con que se modifican os obxectos de estudo e puxo en cuestión os lugares comúns que se teñen acuñado para simplificar a explicación dos temas da Sociedade da Información.

Animou os investigadores a ofrecer resultados distanciados e analíticos sobre a complexidade desta sociedade sen deixarse levar por modas. Sostivo tamén que dende a investigación en medios de comunicación pódese coadxudar a construír unha sociedade da argumentación e da deliberación.

O profesor Tapio Varis centrou a súa exposición sobre a alfabetización dixital. Varis explicou como a alfabetización dixital e mediática consiste en potenciar as habilidades críticas e creativas das persoas. O profesor Varis sostivo que os aspectos da

alfabetización dixital hai que definilos como un intrincado proceso que consiste en adquirir unha nova técnica, habilidade artística ou manual.

Segundo explicou Tapio Varis, os datos da Unión Europea indican que os servizos baseados na recuperación de datos e as telecomunicacións ubicuas desenvolveranse a gran velocidade nos próximos dez anos. As palabras chave son: información en tempo real, multilingüismo, *location awareness*, focalización e persoalización. E para este novo escenario, hai que dispoñer de novos coñecementos a fin de poder intervir, de participar.